



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O 26 DE XULLO DE 2018.**

### **ASISTENTES:**

#### **PRESIDENTE EN FUNCIONS:**

D. Jose Manuel Quintela Fernández,(CxG)

#### **CONCELLEIROS/AS:**

D. Jose Antonio Uhía Martínez (CxG)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Inés Monteagudo Romero (PP)

D. Jose Vázquez Rama (PP)

D<sup>a</sup> Alianza Uhía Patiño (PP)

D<sup>a</sup> Caridad González Cerviño (PSOE)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D. Enrique Riomayor Caamaño (PSOE)

D. Manuel María García Fernández (BNG)

#### **Excúsan a súa ausencia:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xose Alfonso Torres (CxG)

D. José Ángel Hermida Simil (PP)

#### **INTERVENTOR**

D. Fernando Vicente Abraldes Rois

#### **SECRETARIO XERAL**

D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos, reúnense en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno, asistidos de min, o secretario xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sr. Alcalde-Presidente en funcións aberta a sesión, informando que substitúe á Alcaldesa por unha causa imprevista ao amparo do previsto no artigo 47 do ROF, con arranxo ao seguinte orde do día:



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

## **I PARTE RESOLUTIVA**

### **1º.- Aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o día 27 de xuño de 2018**

Pregunta o Sr. Alcalde en funcións se hai algunha observación á acta

Intervén a Sra. Monteagudo Romero quen dí que non, só excusar ao concelleiro D. José Ángel Hermida Simil que está hospitalizado e desexarlle á alcaldesa unha pronto recuperación.

**Dilixencia:** Para facer constar que ás 20:46 horas entra no Salón de plenos D<sup>a</sup> Sandra Maneiro Pais (PSOE)

Intervén o Sr. García Fernández quen dí que non, so desculpar o retraso de D<sup>a</sup> Paula Simal Mayo por motivos laborais xa que estaba de garda e axiña se incorporará á sesión.

Sométese o borrador da acta a votación acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8

Abstencións 2: Sres. Uhía Patiño e Riomayor Caamaño.

En consecuencia queda aprobada a acta.

## **II PARTE RESOLUTIVA**

Por parte do Sr. Alcalde en funcións proponse a ratificación da inclusion na orde do día deste asunto.

A instancia da Sra. Monteagudo Romero explica o secretario que o que se trata é de ratificar a inclusion dos puntos 2, 3 e 4 na orde do día, que require de maioría simple. A ratificación é obrigaoria ao non haber sido ditaminados os asuntos na commission correspondente.

Intervén a Sra. González Cerviño quen dí que non estenden esta ratificación, que este acordo está tomado e executado e que non é competencia do pleno, que o



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

grupo de goberno no é coherente, que leva dicindo que non se lle pagan as factures aos provedores porque o pleno nos lles aprobou o recoñecemento extraxudicial de créditos e gora oponse ao pago nun monitorio.

Intervén o Sr. Alcalde en funcións dicindo que non debata o asunto da orde do día xa que o se se está a tratar é a ratificación da inclusion do punto na orde do día.

Prosegue a Sra. González Cerviño que van a votar en contra.

Intervén o Sr. García Fernández quen dí que como veñen defendendo por eles non vai a quedar a xente sen cobrar.

Sometida a ratificación da inclusión do punto na orde do día acádase o seguinte resultado:

Votos a favor 6

Votos en contra 4 (Membros do grupo municipal do PSOE). En consecuencia queda ratificada a inclusión na orde do día do seguinte asunto:

**2º.- Ratificación do acordo da alcaldía no que se persoa e se opón ao pago da cantidade reclamada por D. Eugenio Caamaño Paris por importe de 563,79 € no seo do proceso monitorio 173/2018.**

Procede o secretario á lectura en estrato do acordo da alcaldía que é o seguinte

“Procedemento: Monitorio 0000173/2018

Asunto: reclamación de cantidade

Cantidade reclamada: 563,79 €

Peticionario acreedor: Eugenio Caamaño Paris

## **ESCRITO DE OPOSICIÓN**

M<sup>a</sup> Xose Alfonso Torres, Alcaldesa do Concello de Muros, en base as atribucións que me confire o artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, do 2 de abril,



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Reguladora das Bases de Réxime Local, para o exercizo de accións xudiciais e defensa do concello nas materias da miña competencia, **e en caso de urxencia**, en materias de competencia do Pleno, dando conta ao mesmo na primeira sesión que celebre para a súa ratificación, por medio do presente e de conformidade co disposto no artigo 818 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Enxuciamiento Civil (L.E.C) presento escrito de oposición e que baseo no seguinte **motivo**:

Se ben é certo que de conformidade co previsto nos artigos 812 e 815.1 da L.E.C. o Concello de Muros é debedor, tal e como indica o Código Civil de dúas facturas (numeros 201600137 e 201600173) por importes de 553,84 € e 9,95 € respectivamente, xa que as prestacións foron realizadas polo petionario (acreditado no informe conxunto da secretaria e da interventora do Concello “As facturas están conformadas”) e que non podemos alegar razóns polas que ao noso entender, non debemos a cantidade reclamada, non se pode ditar orde de pago “acto polo que o ordenador de pagos, en base a unha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pago contra a Tesouraría da Entidade” (Artigo 61 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos) pola ausencia da fase previa do recoñecemento e liquidación da obriga destas dúas facturas xa que o órgano competente para ditar este acto é o Pleno do Concello de Muros, quen rexeitou o recoñecemento destas obrigas en sesión ordinaria celebrada o 27 de xullo de 2017.

Polo exposto e pola doutrina dos actos propios, materializada no acordo plenario citado *ut supra* opoñémonos a realizar o pago da cantidade solicitada.

É xustiza que espero obter.

En Muros. Alcaldesa.”.

Intervén a Sra. Monteagudo Romero no que dí que queren que se trate este asunto no pleno, aínda que pensan con na é da súa competencia senón da alcaldía como se espuxo no mes de abril, que non entenden o cambio de criterio de que a Aranzadi se lle pague e a Eugenio Caamaño Paris non, que se alegara no caso de Aranzadi que o servizo se prestara e que de opoñerse ao pago suporía un prexuzio económico para o concello xa ían ter que abonar as costas e os intereses, xustifican este cambio de criterio en que o pleno se opoxo á



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos pola doutrina dos actos propios e chama a atención que se opoxera a esta demanda antes de que se emitise o informe de secretaría, que queren saber se se lle pagou a Aranzadi e a este veciño de Muros se tamén se lle pagou ou se neste caso habería que pagar os intereses, queren que se empatices cos acreedores do Concello especialmente cos que son veciños de Muros. Prosegue a dicir que non entenden estes cambios de criterio, que este é un despropósito de cabo a rabo, que o propio informe de secretaría indica que a pesares de non ter partida económica puideron pagar a factura no seu momento porque sí existía crédito orzamentario, quer están a pagar facturas doutros exercicios segundo a súa propia conveniencia e que entre as prioridades do grupo de goberno non está a de pagar as facturas dos provedores locais, nin de abonar as aportacións aos grupos municipais. Asimesmo lles chama a atención o que informa o secretario que cando trouxeron ao pleno os recursos de reposición presentados contra o rexeitamento do recoñecemento extraxudicial de crédito había un informes negativos de secretaría e intervención, informes que non se trouxeron ao pleno, así pediannos que con informes negativos aprobasemos o recoñecemento extraxudicial de créditos, que traen un asunto ao pleno para pagar un factura no mes de abril e agora cambian de criterio o cal é absolutamente demencial. Por ultimo solicita unha copia do escrito que se presentou no xulgado para o pago da factura de Aranzadi, porque queren saber como se xustificou nese escrito esa conformidade ao pago que agora neste suposto negan.

Intervén a Sra. González Cerviño que dí que está claro que o grupo socialista de todos os grupos foi o único que quixo pagar as débedas e sobre todo se eran de Muros, que tiveron que aprobar un plan de axuste cando gobernaron xa que cando os votaron ao Sr. Quintela e a Alcaldesa deixaran 1.000.000,00 € en facturas sen pagar. Que está claro que a oposición non ten constancia de todas as facturas que están sen pagar, algo que xa acreditou a anterior interventora.

***Dilixencia:*** Para facer constar que ás 21:01 horas entra no Salón de plenos D<sup>a</sup> Paula Simal Mayo (BNG).

Prosegue a Sra. González Cerviño dicindo que non fixeron nada para pagar esas facturas e agora por riba opóñense ao procedemento monitorio, co sinxelo que é non persoarse no procedemento, resolución do procedemento monitorio e xa hai un motivo que obriga ao pago ao concello, pero como non saben por onde van eo o sr. secretario fai un informe, que neste caso entendemos que non está



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

acertado ao alegar unha falta de competencia que non é verdade, y presentan un escrito opoñéndose a que lle paguen a este sr. a factura, escrito sen ratificar no pleno que non fai falla co que lles gustaría saber se o secretario lles informara cales son as consecuencias de que agora saia este asunto cos votos en contra, que vai facer o xulgado, seguramente xa está resolto. Ademáis dí que é importante saber que o procedemento monitorio é gratis pero agora que se opoñen hai que pagar avogado e procurador e costas se as hai. Lóxixamente o grupo municipal socialista vai a votar en contra desta ratificación, o que quere dicir que vota a favor de que se lle pague a este sr. Remata dicindo que non acertan a entender porque se presenta este escrito para opoñerse ao monitorio e cal é o interés do concello en opoñerse e que cando cheguen o resto dos monitorios farán o mesmo, que os provedores están na vía correcta.

Intervén o Sr. García Fernández quen dí que está case todo dito, pregunta porque non se convocou a comisión informativa para este asunto, se foi involuntaria ou se hai outro motivo que se especifique e que non entenden por ué o grupo de goberno se opón a pagar esta factura.

Por parte do Sr. Alcalde en functions ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Monteagudo Romero quen dí que quere que lle conteste se se pagaron as facturas ao que contesta o Sr. Interventor que esta non e que a de Aranzadi non está seguro se se pagou ou non. Prosegue a dicir que non entenden este cambio de criterio porque a Aranzadi se lle pode pagar e a Eugenio Caamaño Paris non.

Por parte do Sr. Alcalde en funcións dáselle a palabra ao secretario.

Intervén o Secretario dicindo que parece que se cuestiona o informe de secretaría e se dí que non é acertado polo tema da incompetencia da xurisdicción, di que escritos destes ten presentado 50 e sempre llo aceptou o xulgado, que sempre lle contestaron que a competencia é da xurisdicción contencioso-administrativa, que é ceryo que hai concellos que non queren alegar esa falta de xurisdicción co cal o xulgado actúa igual, neste caso concreto a intención da alcaldesa, que así llo trasladou, era que o concello puidera pagar, por iso a alcaldesa non alegou incompetencia de xurisdicción e que se se alegase esta incompetencia seguramente esta peroa non cobraría porque logo iría á



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

xurisdicción contencioso-administrativa e esta inadmitiríalle o recurso por extemporaneidade, cando se devolveron as facturas e se aprobou no acordo plenario o rexeitamento do recoñecemento extraxudicial deuselle precisamente o recurso contencioso-administrativo. Que neste caso por motivos de urxencia a alcaldía pode exercitar a defensa do concello debendo ser ratificado o acordo polo pleno, e que a consecuencia xurídica que ten a non ratificación deste acordo por parte do pleno é que o escrito presentado non foi adoptado por persoa lexitimada xa que o mesmo non foi ratificado polo órgano competente que é o pleno, así hai sentencias que corroboran a falta de lexitimación activa (Dílle a Sra. González Cerviño que é pasiva, que o concello é demandante) cando o acordo adoptado por urxencia non foi ratificado. Neste caso existindo un acordo plenario no que rexeita recoñecer esta factura, o alcalde non pode ordear un pago sobre algo que non está aprobado, porque segundo informou intervención no seu día esta factura figuraba nun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Prosegue a dicir que él entende que o Concello ten que defender os seus dereitos e os dos veciños e que cando se presenta unha demanda o concello é normal que conteste, así neste caso concreto a Lei de Enxuciamiento Civil o que marca é que nos teñamos que opoñer cando non exista a débeda e o que se fai neste escrito é sí entende que existe a débeda, que segundo a lei de enxuciamiento civil se entende que a débeda sería esixible xa que non está sometida a condición, que é líquida e determinada e vencida xa que pasou o prazo para pagala co cal a reclamación por esa vía en principio sería correcta, pero é criterio de secretaría que en principio a débeda non sería esixible para a Administración Pública porque falta a aprobación por parte do órgano competente que pasado o exercicio sería o pleno. Así pois entendo que por respectar o acordo do pleno no cal se rexeitou a aprobación da factura a alcaldesa o que non pode facer é que aproveitando que actúa por urxencia é ir en contra dese acordo plenario e ordear o pago. En relación co tema de Aranzadi o acordo adoptado non foi moi afortunado porque se acordou o achantamento o que implicaría non facer nada e por outro lado se aproba o pago da factura sen que previamente se recoñecera a obriga, é mais no acordo non figura nin sequera a aplicación orzamentaria. Que a súa obriga é informar e a Alcaldesa adoptará en base aos informes actuais e aos anteriores o que estime oportuno pero que non pode ignorar que no seu día o expediente de recoñecemento extraxudicial non foi aprobado, polos motivos que fosen. En conclusion dí que se se rexeita enviarase escrito ao xulgado, non obstante o xulgado xa contestou entendeu que o concello non se personou que se archiva o monitorio e se insta á parte para que demande despacho de execución.



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

A Sra. Monteagudo Romero dí que logo se trae aquí para nada ao que o secretario dí que a lei establece que cando se adopte por urxencia un asunto de competencia plenaria o alcalde debe levalo á seguinte sesión ordinaria para a súa ratificación.

Intervén a Sra. González Cerviño quen dí que todos teñen interés en pagar as facturas menos o grupo de goberno, que no informe se dí que existía crédito para pagar, que o grupo de goberno só está a comentar milongas para non pagar, que lles chama a atención que este punto había que retiralo xa que hai un acordo do xulgado seguramente firme, dí que, con educación, o secretario está moi perdido procesalmente xa que non se pode retirar o escrito do xulgado, dí que coñece a lei de enxuciamiento civil e que en ningún sitio dí que o concello teña que opoñerse, que non lles deron a resolución xudicial que será firme, que vincula ás partes e que hai unha cousa que o secretario debe descoñecer como é a tutela xudicial efectiva, non dubida o que dí o secretario que lles teñan por non personados pero iso sera só por un defecto de forma, o que estamos a facer aquí é un paripé, gustaríanos que antes de votar se nos dese copia da resolución do xulgado. Nos imos votar a favor de que se lle pague, dí que iso da incompetencia da xurisdicción alegada polo secretario non é así porque sería a primeira vez na historia que todas as resolucións fosen unánimes.

Intervén o Sr. Alcalde en functions para constestar ao voceiro do grupo municipal do BNG a quen lle dí que o asunto non constaba na orde do día da comisión informativa porque a orde do día non a fixo o secretario.

Intervén o Sr. García Fernández quen dí que eles non traballan coa Lei de Enxuciamiento Civil todos os días pero que non están dacordo en que se opuxeran ao pago desta facture no monitorio, que se se lle debe hai que pagarlle. Anuncia que se van a abster.

Intervén o Sr. Alcalde en functions quen dí que as factures trouxéronse en máis dunha ocasión e que votaron en contra da aprobación das factures os grupos municipais do PP e PSOE e que por iso os provedores teñen que acudir á vía xudicial.

Sometido o asunto a votación acádase o seguinte resultado:





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Votos a favor: 2 (Membros do grupo municipal de CxG)

Abstencións: 5 (Membros dos grupos municipais do PP e BNG)

Votos en contra 4: (Membros do grupo municipal do PSOE)

En consecuencia o pleno acorda non ratificar o acordo da alcaldía no que se persoa e se opón ao pago da cantidade reclamada por D. Eugenio Caamaño Paris por importe de 563,79 € no seo do proceso monitorio 173/2018.

Sométese a ratificación da inclusión do punto na orde do día acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor 7

Votos en contra 4 (Membros do grupo municipal do PSOE). En consecuencia queda ratificada a inclusión na orde do día do seguinte asunto:

**3º.- Aprobación, se procede, da moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego para declarar persoas non gratas aos components da “manada”.**

Intervén o Sr. García Fernández quen da lectura á moción.

Intervén a Sra. Monteagudo Romero quen dí que eles traen unha emenda á declaración institucional da cal facilita copia e é asinada por todos os voceiros.

Intervén o Sr. García Fernández quen dí que están a favor desta declaración.

Intervén a Sra. González Cerviño quen dí que están dacordo coa declaración institucional presentada polo PP e asinada por todos os voceiros.

Intervén o Sr. García Fernández quen dí a moción que eles presentaron aprobose en Pontevedra co PP e en Lugo pero que se nos lles vale non teñen problema en trocar unha por outra.

Procede o Alcalde en funcións a dar lectura á declaración institucional asinada por todos os voceiros que é a seguinte:

**“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Coñecido o fallo da sentenza da Audiencia Provincial de Navarra que cualifica de abuso sexual (e non de aggression sexual) os feitos acaecidos en Pamplona durante a madrugada do 7 de xullo de 2016, e o Auto da mesma audiencia polo que se concede liberdade provisional aos condenados nesa sentenza, o concello de Muros acorda manifestar o seguinte:

1.- O Concello de Muros reafírmase na súa dda separación de poderes e o respect á independencia do poder xudicial, pilar fundamental do estado de dereito consagrado na vixente Constitución de 1978. Porén, os Tribunais de Xustiza, ao igual que toda manifestación pública do exercicio de poderes dun Estado democrático, están expostos á opinión pública.

O concello de Muros, recollendo o sentir maioritario da sociedade galega e do pobo de Muros. Mostra o seu desacordo co fallo da mencionada sentenza, recorrido co obxectivo de que se modifique a cualificación xurídica dos feitos descritos como probados no mencionado fallo como un delito continuado de abuso sexual. Neste sentido, manifestamos o noso acordo co recurso presentado polo Ministerio Fiscal e a vítima contra esta sentenza.

2.- O concello de Muros traslada todo o seu apoio e soliedariedade á vítima, aos seus familiares e persoas achegadas, e mostramos a nosa comprensión coa indignación e decepción das mulleres e de toda a cidadanía como consecuencia deste fallo, indignación e decepción que compartimos.

3.- O concello de Muros reafirma que todas as institucións deben actuar no marco do dereito de toda muller á súa plena liberdade, e, por conseguinte, declaramos o noso rexeitamento absoluto a calquera tipo de agresión sexista e de calquera outra natureza contra as liberdades das mulleres.

4.- O concello de Muros reafirma o seu compromiso para continuar traballando a favor da igualdade real e efectiva, en defensa dos dereitos das mulleres, e para a erradicación das desigualdades e os distintos tipos de violencia que se exercen cara a elas.

5.- O concello de Muros rexeita a posta en liberdade dos condenados, o que permite a súa libre deambulacón mentres a vítima é confinada, e acorda declarar persoas non gratas a José Angel Prenda Martínez, Alfonso Jesús



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Cabezuelo Entrena, Jesús Escudero Domínguez, Angel Boza Florido e Antonio Manuel Guerreo Escudero.

Acordamos igualmente dar traslado deste acordo plenario á representación legal da vítima, para que sexa coñecedora do apoio real que ten e á representación legal dos condenados a nove anos de prisión pola agrrsión sexual xulgada na Audiencia Provincial de Iruña.”

Sometida a declaración institucional a votación entendida como emenda á totalidade o pleno por unanimidade do seus membros (11) acorda aprobar a declaración institucional nos termos nos que foi presentada.

Sométese a ratificación da inclusión do punto na orde do día acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor 4 (Membros de CxG e BNG)

Votos en contra 7 (Membros dos grupos municipais do PP e PSOE). En consecuencia queda eliminado da orde do día o punto 4º **“Aprobación, se procede, da moción do grupo de goberno dirixida ao Pleno a prol da educación no rural.”**

### **III MOCIÓNS URXENTES**

Pregunta o Sr. Alcalde en funcións se algún grupo desexa someter por motivos de urxencia algún asunto que non teña cabida na quenda de rogos e preguntas.

Non se presenta ningún

### **IV.- PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ORGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO.**

**5º.- Dar conta das resolucións da alcaldía (nº 530 a 650) e das Xuntas de Goberno Local nº 13 de 22/06/2018 e nº 14 de 06/07/2018.**

O pleno dase por enterado.

**6º.- Rogos e preguntas**



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Polo PP intervén a Sra. Monteagudo Romero

Á vista da orde do día é evidente que o rogo que lle fixemos no pleno anterior de que deixara de traer "asuntos de recheo" ás sesións plenarias non foi atendido en absoluto. Así que o imos converter en pregunta, a ver se así. ¿Pensa seguir convocando plenos sen contido algún máis que o de dar conta? ¿Pensa seguir gobernando de costas aos membros da Corporación e aos veciños, pasando dos acordos plenarios, aprobando todo por decreto, de xeito totalmente opaco e antidemocrático?

-En relación precisamente cos decretos, achegounos como resposta ás preguntas que lle plantexamos, por escrito, sobre a instalación de casetas para a venda ambulante no Curro da praza e na Pescadería un decreto no que autoriza á asociación ACTIVA, (asociación de comerciantes con tiendas itinerantes y vendedores ambulantes), para instalar un mercadoño solidario de 20 casetas de venda de artesanía desde o 9 ata o 30 de xullo. Pero a fixación do lugar ou lugares destinados ós mercados ambulantes, así como o número destes e a superficie deles, non é competencia da Alcaldía, senón da Xunta de Goberno Local, como ven establecido no regulamento amunicipal de venda ambulante do concello de Muros. Esta cuestión xa lla advertimos noutra ocasión, cando pola Alcaldía se decidiu cambiar os postos que estaban nas rúas de arriba para o o paseo, de forma totalmente arbitraria e sen respetar á normativa vixente, e vai, e volve a repetir, o que indica que ademáis de non escoitar, está gobernando, como lle decíamos de forma opaca, prescindindo absolutamente da transparencia, e case que diría, da lellidade. Queremos en calquera caso que nos contesten ás seguintes cuestións:

¿Cal é esa causa solidaria que se beneficia deste mercado? ¿É certo que lles ampliaron a autorización ao mes de agosto? ¿Sabe vostede que os mercados ambulantes teñen un horario de apertura marcado na ordenanza, e que para abrir fóra deste horario precisan dunha autorización especial? ¿Existe esa autorización especial? ¿Por qué so se acorda dos establecementos locais cando é para aportar e nunca cando é para que poidan ser partícipes dunha oportunidade de venda? ¿Preguntoulle aos negocios que teñen establecementos abertos no Curro da Praza e na Pescadería que opinaban sobre este "mercadoño solidario"? ¿Contou coa opinión dos donos doutros negocios e dos veciños para autorizar a colocación destes postos? ¿Pensa de verdade que está sendo transparente e participativa a política que está facendo? ¿Por qué ocultou a información sobre a



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

instalación destes postos? ¿Por qué pensa que dar información sobre unha cuestión de carácter municipal e de interese xeral para a veciñanza é pedirle permiso ao grupo do partido popular, que, con toda a lexitimidade do mundo pide información? ¿Por qué non da cumprimento ao acordo plenario do mes de xuño de 2016, é dicir de hai dous anos, no que se aprobou un plan de dinamización económica para a zona histórica de Muros? Dous anos de preguntas no pleno ás que non fixeron caso, dous anos nos que quixeron xestionar pola súa conta este tema, e nos que non dou pé con bola, dous anos nos que os propietarios de establecementos deron conta dunha paciencia infinita, dous anos nos que a única ocorrencia do sr. concelleiro de facenda é replicar pedindolle a unha asociación que defina as liñas dun plan estratéxico, que él mesmo aprobou que se facera, e que se comprometan a financiar actuacións, que él mesmo se comprometeu a financiar. Na liña surrealista na que veñen actuando

¿Apoia vostede as intervencións nas redes sociais nas que se mofan dos avisos por incidencias que fan os veciños? ¿Considera que é motivo de risa que os veciños de Muros teñamos que recurrir ás publicacións nas redes sociais para que se limpe unha rúa, se recolla o lixo, para que se roze un parque infantil, para dar conta dun verquido ou para enterarnos que son unhas instalacións que aparecen de repente ocupando un espazo público preferente sin ningún tipo de anuncio ou aviso previo? Todas elas son cuestións de competencia municipal. A nós parécenos bastante penoso, e resulta insultante para todos os que tratamos de facer desta unha vila mellor para vivir, que se trate de ridiculizar ás persoas que, fartas de que non se lles faga caso cando acuden ao concello, recorren ás publicacións en redes. ¿Cre que é así como hai que tratar aos veciños que poñen en coñecemento do concello cuestións que lles afectan na súa vida cotidiá e que son de competencia municipal?

Avisamos xa varias veces dos problemas coas farolas na baixada ao Pescadoiro e na rambla en Esteiro. Son luminarias municipais, ¿non poden facer nada para amañalas?

Seguimos recibindo avisos de falta de limpeza, falta de desbroces, etc. etc. en todas as parroquias do concello. Por poñer algún exemplo: hai mais dun mes que limparon o Castillo e non volveron máis por alí, non pode transitar polos accesos a varias praias en Esteiro, Louro, Abelleira,... Seguimos recibindo queixas por



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

verquidos, no Furón, en Louro, en Esteiro.... A ver se son capaces de facer aínda que sexa unha soa cousa, pero facela ben.

Tamén volvemos a ter moitos avisos en relación coa ubicación dos contedores respecto aos pasos de cebra na Avda de Castelao e Virxe do Camiño. Os contedores colocados diante dos pasos de peóns dificultan moito a visibilidade e poñen en risco de xeito innecesario aos peóns que pretenden cruzar, sobre todo no caso de nenos e carriños de bebés. Non debería ser moi dificultoso solucionar este problema do que xa advertimos en numerosas ocasións. ¿Teñen pensado facer algo? En relación coa visibilidade vimos que a Consellería de Vicepresidencia concede unha subvención para mellora da eficiencia enerxética na Avda de Castelao por importe de algo máis de 56.000 euros. ¿Cando teñen pensado iniciar esta obra?

Como decíamos pasou dos rogos que lle fixemos no último pleno, así que llo preguntamos directamente: ¿vai convocar unha xunta de portavoces para analizar a situación das obras?

¿Cando van presentar a Conta Xeral? Tería que estar informada pola comisión especial de contas antes do 1 de xuño. Pasaron dous meses desa data e nada sabemos da conta. Están esperando ao mes de agosto, como fan sempre, e no que saben que moitos compañeiros da corporación collen vacacións, polo orzamento xa nin preguntamos, dada a ineficacia e ineficiencia da que fai gala o equipo de goberno en xeral, e o concelleiro de facenda en particular neste e noutros moitos aspectos.

¿Que pasou coa contratación dos socorristas? Recibiron a notificación da subvención, neste caso da Consellería de Emprego, o 29 de maio. ¿Cando iniciaron o proceso de contratación? Porque o anuncio que publican na web non ten data.

Temos entendido que o concello é o responsable de recoller os diversos elementos que se utilizaron na decoración de Muros mira ao mar. ¿Van facer como o ano pasado, e deixalo ata o mes de novembro? pediríamolle un pouco máis de dilixencia, entre outras cousas, para evitar o deterioro dos elementos.



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Pedímoslle en varias ocasións varias relacións de factuaras e aínda estamos esperando ¿Vanas a enviar?

**Sr. Alcalde en funcións**

Dí que a todas estas preguntas se lles contestará na próxima sesión ordinario do pleno da corporación

**Polo PSOE intervén a Sra. González Cerviño**

Non sabíamos que quen daba os permisos para colocar as casetas era o PP.

¿Queremos saber en base a que normativa se colocaron as casetas? Xa que hai una normativa que ten unhas horas e días sinalados.

¿Xa foi a mirar o que pasa nas beirarúas de Baño, que non cumpren coa normativa de barreiras?

Preguntar novamente por Espina & Delfin

Do presuposto seguro que non sabe nada e da Conta Xeral tampouco se lle espera.

¿Cando nos van a dar as copias dos reparos?

Hai moitísimas queixas polo pueblo de que os restos da festa de “Muros mira ao Mar” van chegar ata nadal sen recoller, e en concreto creo que son coñecedores de que as usuarias da praza do mercado para sacar o que lles vaciaron na entrada, que a xente non podía case pasar. ¿Porqué ese trato aos usuarios da praza do mercado?

Con respecto á asignación aos grupos municipais queremos saber se van a pagar ou non.

¿Que pasou coa bandeira azul?

Tamén queremos saber que pasou coas convocatorias, en concreto no decreto 641 de 27 de xuño aprobase as bases para a contratación temporal para a



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

cuadrilla de limpeza de praias, cando o acordo de concesión de subvención foi publicado o 22 de febreiro de 2018. ¿Porqué ese retraso?

**Sr. Alcalde en funcións**

Dí que a todas estas preguntas se lles contestará na próxima sesión ordinario do pleno da corporación tal e como dí o artigo 97.7 do ROF.

**Polo BNG intervén o Sr. García Fernández**

Preguntas:

¿Preguntou o goberno municipal a “R” pola inclusión de Torea e Abelleira no plan de dotación de fibra no noso Concello?

¿Hai avances na instalación do repetidor de TV en Abelleira?

¿Denunciou o Concello as obras ilegais na Illa da Creba, tal e como dixo a alcaldesa que ían facer?

¿Por que non se designaron aínda as “praias aptas para mascotas”?

Onte, Día da Patria Galega, festivo nacional, a praia de San Francisco, ategada de xente, sufriu un verquido de residuos fecais nunha das zonas de máxima afluencia. ¿Están estes verquidos localizados e controlados? Segue sen izarse a bandeira azul?

¿Que hai dos pregos da Concesión do Bar san Francisco?

¿Presentou a empresa redactora o borrador da RPT?

Onte, 25 de xullo, Día da Patria Galega, recibín no meu móbil unha mensaxe de texto que di o seguinte: MANPOWER: BUSCAMOS PERSONAL CON EXPERIENCIA EN LIMPIEZA DE ATUN ENTRE OTROS PUESTOS. DEJA CV EL 27/07 EN EL CONCELLO DE MUROS DE 09:30 A 13:30. Queremos insistir na pregunta, e resúltanos moi preocupante a falta constante de resposta: ¿Está unha empresa privada a utilizar persoal e/ou espazos do Concello para realizar a súa actividade empresarial?





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

¿Púxose en contacto o Concello cos responsables de Estradas para que solucionen a falta de visibilidade no cruce no Bornalle?

Rogos:

Rogamos a posta en marcha do Plan de Dinamización do Casco Histórico, aprobado por esta corporación municipal a proposta do BNG.

Rogamos a posta en funcionamento do servizo de Noitebús, aprobado por esta corporación municipal, tamén a proposta do BNG.

Rogamos que se liciten xa as obras aprobadas no POS, nomeadamente, as obras de reforma do Cine París que segue a caer en anacos ante a apatía deste goberno municipal.

Rogamos que se faga un plan de renovación de firmes de camiños, xa que en moitos deles ao longo de todo o Concello xa non chega con ir tapando furados, se non que precisan unha intervención en profundidade, aínda que sexa, se é necesario, con cargo ao POS do 2019.

**Sr. Alcalde en funcións**

Dí que á maioría das preguntas se lle responderá na próxima sesión, pero ao que menciona dos verquidos de augas fecais en San Francisco porque o considera preocupante e alarmante dí que se personou hoxe alí acompañado por dúas persoas e os 3 consideraron que polas características da auga non hai verquido de fecais pero que de todos os xeitos se tomou una mostra para analizar.

E sen máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde en functions da por rematada a sesión, cando son as vinteunha horas e corenta e oito minutos, de todo o que eu como secretario dou fe.

O Secretario Xeral.

Documento asinado electrónicamente